



Lugo, 12 de xuño de 2025

INFORMACIÓNS DE INTERESE PARA O FIN DE CURSO

Recibide un cordial saúdo neste final de curso.

Con esta comunicación quero compartir unha serie de informacións e datas a ter en conta de cara a estes derradeiros días do curso e para o comezo en setembro.

Con todo, algunhas destas informacións, poden sufrir variacións polo que vos pedimos que esteades atentos a posibles modificacións a través das RR.SS do colexio.

1. AXUDA-FONDO LIBROS:

Antes do mércores 18 de xuño para Primaria; e o propio día **18 de xuño** para a **ESO** haberá que traer ao centro os libros que se recibiron do **“Fondo de Libros”**. As persoas titoras indicarán os libros que tedes que entregar por se alguén non o ten claro.

Como ben sabedes, o fondo de libros asigna un determinado número de exemplares en préstamo a cada alumno/a; en ocasións algunha familia precisa algún libro máis dos concedidos, por iso en nome de estas familias **agradecemosvos que doedes aqueles libros que xa non precisades** deixándoos na portería.

Do mesmo modo recordámosvos que o día **20 de xuño** remata o prazo para solicitar axudas para os libros de texto e material escolar. Para poder recibir as axudas **hai que estar ao día na entrega** dos libros.

Tamén vos recordamos que podedes solicitar a axuda para libros e material escolar do Concello de Lugo (Tramítase no Concello). A día de hoxe non recibimos información.

Datas e prazos*:

- 14 de xullo: data límite para a publicación das listaxes provisionais de EP e ESO.
- 28 de xullo: data límite para a publicación das listaxes definitivas de EP e ESO.
- A **entrega de libros de Primaria e ESO** será o día **8 de setembro** pola tarde de **16.30h a 18.30h**

* Enviárase unha circular no mes de Setembro para indicar a organización destes días e o lugar de recollida.



2. FIN DE CURSO E ENTREGA DE NOTAS

O **venres 20 de xuño** rematará o curso e a **entrega de notas** farase do seguinte xeito:

INFANTIL E PRIMARIA

A entrega de notas será o día **martes 24 de xuño**.

O boletín do alumnado de **Educación Infantil e Educación Primaria** será publicado na plataforma Educamos o martes ás 9.00h.

O día **24 de xuño**, en horario de 10.30h a 14.00h e de 16.30h a 18.30h haberá atención ás familias de EI-EP, **previa cita** segundo as indicacións das persoas titoras.

ESO

Na etapa da ESO a entrega de notas será o **martes 24** de xuño coa publicación destas na **plataforma** ás 11.30h. e a entrega en papel ás 12.00h e o envío do consello orientador (2º e 4º da ESO) do alumnado polo correo institucional deles.

O **martes 24** e o **mércores 25** de xuño haberá atención ás familias en horario de:

- martes 24: 12.00 -14.00h (sen cita) - 16.30h- 17.30h (**con cita previa**).
- mércores 25: 12.00 -14.00h (**con cita previa**).

3. LIBROS DE TEXTO E MATERIAL COMPLEMENTARIO

No taboleiro de anuncios e na páxina web estarán expostos os libros de texto* e o material complementario para cada curso, que tamén se entregarán ao alumnado o día da entrega de notas.

En Educación Infantil, débese encargar o material para o vindeiro curso dende o 24 de xuño ata o 24 de xullo, o custe será de 60€. (**Aboar en administración**).

Este ano continuamos contando co servizo da **Librería Salesiana** onde se poden mercar os libros con interesantes descontos. Poderase facer a reserva dos libros entregando na portería a folia que se dará o último día de curso ou na súa web. Os libros recolleranse previsiblemente día 4 de Setembro no colexio (nun horario por determinar aínda) e poderase facer nese momento o canxeo dos cheques do fondo de libros.

* O listado dos libros de texto de cada curso exporase a partires do 24 de xuño.

**Informarase o día definitivo de recollida dos libros da Librería Salesiana



4. INICIO DE CURSO: PRESENTACIÓN DO ALUMNADO

INFANTIL E PRIMARIA*

O curso comezará o **luns 8 de setembro**. O horario será o seguinte:

- **3 anos:** segundo a quenda do período de adaptación (dende o 8 ata o 12 de setembro). Despois o horario será de 09.00h-14.00h (entradas e saídas pola porta do Eroski). Aquelas familias que teñan algunha dificultade de conciliación no período de adaptación, comunicádeo canto antes.
- **4 e 5 anos:** entrarán ás 08.50h e sairán ás 13.50h polo patio.
- **1º, 2º e 3º EP:** entrarán ás 08.55h e sairán ás 13.55h polo patio.
- **4º, 5º e 6º EP:** entrarán ás 8.55h e sairán ás 14.00h pola porta de portería.

* **Ateibo** organiza as súas tradicionais **Mañás de Verán** do 1 ao 8 de setembro que poden ser facilitadoras para a conciliación daquelas familias que o precisen

ESO

O primeiro día de clase será o **luns 8 de setembro**. Entrarán e sairán pola portería do colexio no seguinte horario segundo os cursos:

- **1º ESO:** entrarán ás 10.00h e sairán ás 11.15h.
- **2º ESO:** entrarán ás 11.00h e sairán ás 12.00h.
- **3º e 4º ESO:** entrarán ás 12.00h e sairán ás 13.00h.

5. VESTIMENTA COLEXIAL

Lembrede, que segundo as normas do colexio, **é de uso obrigatorio** para todo o alumnado de infantil e primaria, nas saídas culturais, en Educación Física e nos momentos que se indiquen. Para o alumnado de ESO é aconsellable para Educación Física.

Todos estes produtos estarán dispoñibles para a súa compra **na portería do colexio**.

A equipación colexial está composta polo chándal ou no seu defecto o suadoiro máis leggin ou pantalón colexial.

6. REUNIÓN DE INICIO DE CURSO 2025-2026

Para a vosa organización as reunións de inicio de curso coas familias, serán nos seguintes horarios e datas:



INFANTIL E PRIMARIA

- **3 anos:** día 2 de setembro ás 18.00h no salón de actos.
- **4 e 5 anos:** día 8 de setembro ás 18.00h no salón de actos.
- **1º, 3º e 5º de EP:** día 9 de setembro ás 18.00h no salón de actos.
- **2º, 4º e 6º de EP:** día 15 de setembro ás 18.00h no salón de actos.

ESO

- A reunión será o 16 de Setembro ás 17.30h no salón de actos.

7. DÍA DA INAUGURACIÓN – CONVIVENCIA DAS FAMILIAS

Este ano queremos retomar a convivencia para toda a comunidade educativa no comezo do curso. A idea é realizala o **27 de setembro** no **Club Fluvial de Begonte** a partir das **12.00 horas**. Ao principio de curso facilitaremos máis información.

8. SERVIZOS DE GARDERÍA E COMEDOR

A **gardería** e o comedor comezarán a prestar os seus servizos a partir do primeiro día lectivo, o **8 de setembro de 2025**. O **horario da gardaría** será dende as 7.30h ás 8.45h.

O comedor estará atendido **dende o remate das clases ata as 16.30 horas**. Nos días anteriores ao inicio das clases haberá que anotarse na portería ou na administración do colexio.

9. DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS E APRENDIZAXE DIXITAL

Continuamos traballando cos dispositivos **Chromebook** dende 5º de EP ata 4º de ESO.

Ofrecemos a posibilidade de adquirir estes dispositivos e as licenzas dende o centro tal coma fixemos neste curso grazas a colaboración de **Media Markt**. Para calquera dúbida poñédevos en contacto con administración (Ibán Cota) ou consultade o documento FAQ Chromebooks que está na páxina web.

Nos cursos de **3º e 4º de EP** seguiremos a traballar con **Snappet**, en **5º e 6º de EP**, continuaremos potenciando a comprensión lectora co proxecto **Leo Bien**, e en **1º - 2º de de EP** seguiremos reforzando con **Adimat**, asistente virtual para aprendizaxe das matemáticas de **EDEBÉ**. A reserva e o pago destes servizos débese facer na administración do colexio entre o 24 de xuño e o 24 de xullo.

NB: Recordámosvos que tanto para o alumnado que se incorpora ó centro coma para o que comeza



o seu uso non está permitido o emprego de ningún dispositivo electrónico fora dos chromebooks. Deste xeito só o alumnado que empregue outros dispositivos como PC's ou tablets en cursos superiores, poderá seguir empregándoos.

10. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Achégase (*vid infra*) unha proposta das actividades extraescolares para o vindeiro curso cos horarios das mesmas.

O inicio destas actividades no curso 25-26, será o 22 de setembro do 2025 e o remate será o 18 de xuño do 2026.

A **semana do 15 ó 18 de setembro** será de **portas abertas** para que o alumnado poida ver si son do seu agrado as diferentes actividades que se ofertan.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00 17:00	INGLÉS EI e 1º-2º EP INICIACIÓN Á COSTURA STEMROBOTS EI-EP TEATRO EI-EP	IUDO EI - EP BALONCESTO INICIACIÓN Á COSTURA INGLÉS ESO	INGLÉS EI e 1º-2º EP STEMROBOTS EI-EP-ESO MANUALIDADES E PINTURA EI-EP	IUDO EI - EP PATINAXE EI-EP BALONCESTO	16:30-18:30 ACTIVIDADES C.X.ATEIBO (Saltimbanquis, Andaina, ADS) [19:00 h-...] ACTIVIDADES C.X.ATEIBO ADOS, xuventude e Catecumenado
17:00 18:00	INGLÉS 3º-6º EP BAILE EI-EP ATLETISMO EP	INGLÉS ESO FÚTBOL SALA BIBERÓN EI ATLETISMO EP	MANUALIDADES E PINTURA EI-EP PATINAXE EI-EP INGLÉS 3º-6º EP BAILE EI EP ATLETISMO EP	TEATRO EI-EP FÚTBOL SALA BIBERÓN EI ATLETISMO EP	
20:00 21:00				ZUMBA CEP CX-JUANSONADOR...	

* A actividade de atletismo lévase a cabo nas pistas "CIUDAD CULTURAL DE LUGO" a escoller un ou dos días dos catro dispoñibles.

** A actividade de fútbol lévase a cabo a través da SDC Piringalla polo que é necesario consultar os horarios a través de eles (poñerse en contacto con Rubén).

*** Lembrade que é unha proposta e que pode haber cambios debidos á demanda das actividades.

Calquera dúbida preguntar a Rubén ou Mónica F.



11. ADMINISTRACIÓN

Dende o próximo 24 de Xuño poderase contratar os servizos complementarios e servizos dixitais do colexio (Plataforma Educamos, Licencias, Snappet, Adimat e Leobien) e material da etapa de Educación Infantil, para o vindeiro curso.

Para elo deberedes **cubrir unha ficha de solicitude para cada un dos servizos** que estará á vosa disposición tanto en portería e administración coma na web e plataforma a partires do 24 de xuño.

No listado dos libros para o curso 25-26 que se publicará no taboleiro da entrada teredes indicado os diferentes materiais e/ou servizos dixitais que lle corresponden a cada curso. Para a vosa comodidade podedes pasar por administración para encargalos antes do 24 de xullo.

Aos interesados en contratar as **Licencias** animámosvos a que as solicitedes tan pronto como vos sexa posible. Deste xeito poderemos encargalas con tempo para que o alumnado poidan usalas sen demora dende principio de curso.

A partires deste curso 25-26 os usuarios do comedor, gardería e/ou extraescolares deberedes ter en conta que soamente se poderán **aboar a través de conta bancaria**. Quedan excluídos desta disposición os tickets de acceso diario de comedor e gardería que se seguirán recollendo en portería.

A **Plataforma Educamos** é un servizo que contratades de ano a ano. Para facilitar a súa xestión, a solicitude que fagades a partires deste curso será válida para anos posteriores. Deste xeito a súa contratación farase de maneira recorrente á comezo de cada curso sen ter que completar unha ficha cada ano (poderedes dala de baixa cun sinxelo formulario no momento que desexedes).

12. OBXECTOS PERDIDOS

A longo do curso atopáronse numerosos obxectos, sobre todo roupa, que ó non estar marcada non se puido localizar o seu dono, polo que se alguén bota en falta algún obxecto pode pasar polo centro a partires do día **24 de xuño** en horario de portería e ver se se atopa entre os que temos aquí gardados. Recalcamos a importancia de marcar co nome do alumno/a todas as prendas e en especial as que forman parte da vestimenta colexial.



Chegados ó fin deste documento quero agradecervos a vosa lectura atenta.

Ao longo do curso trabállanse moitos aspectos que requiren unha planificación coidada e unha boa coordinación. Detrás de cada actividade, horario ou decisión hai un esforzo silencioso e constante de moitas persoas.

Todo ese traballo, ás veces invisible, fai posible que o día a día do centro funcione e que a experiencia educativa sexa o máis enriquecedora posible para todos. É xusto recoñecer e valorar esa dedicación, feita sempre pensando no ben común de todos os que formamos esta comunidade educativo-pastoral.

Que sigamos vivindo este verán con paixón e preparémonos para seguir facendo historia no curso 25-26. Grazas pola vosa confianza e desexámosvos un feliz verán.

José Luis Gallego Fortes

Director